

# Letras, letriñas

Avda. Sada e contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña. Tfno e fax. 981 620 337.  
Correo elect. [ceip.sada@edu.xunta.es](mailto:ceip.sada@edu.xunta.es) Páxina web:<http://centros.edu.xunta.es/ceipdesada/>

Xornal escolar do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos. Curso 2006-07. Xuño 2007



Paula Dacosta (6º curso)

Escola de cerámica O Castro

# LETRAS GALEGAS

O día 17 de Maio foi o día das Letras Galegas. Este ano adicoleaselle a María Mariña, da saemente escribieu dous libros, empesou a escribir os 50 anos e morreu os 60, era costurera.


Como ese dia era festivo e o veernes fixemos forte, o luns 21 celebramos o dia das Letras Galegas no colexiio.

5º empesou tocando unha canción coa flauta e despois cantaron.

Nos, 6º tocamos coa flauta "A Ponte de San Paio" e despois cantamos. Sheila, Bryon, Eva y Macarena tiñeron que recitar unhas Estrofas. Como non víñera Sheila a substitúiuse Bryon.

O final, 6º e algúns de 5º tocamos o Himno Galego coa flauta, despois todo o colexiio cantamos o Himno.

Eu creo que nos vaimos ben.



Por ultimo repartíronse premios por participar nun poema que faleía que completar.

Recolleu a Laura Santiago de 2º, María Abeledo de 4º, e Eva Riveiros de 6º.



IRIA







E. INFANTIL


4 ANOS

FOMOS O  
CASTELO



AUTOBUS




TAMÉN FOMOS A MARCELLE



# VIMOS MOITOS ANIMAIS





JORGE → O MONITOR




coello

serpe






porco



xirafa





# E PASÁMOLO MOI BEN




coello



pavo real





porco



# Quen é quen?

(E.I. 5 años)









13




14



15



16



17



18


- 1.- UXIA. Autora: Ruth.
- 2.- LUCAS. Autora: Manuel Cea.
- 3.- RUTH. Autora: Neelia.
- 4.- MANUEL CEA. Autora: Xabi.
- 5.- CLAUDIO. Autora: Cea.
- 6.- CLAUDIA. Autora: Iria.
- 7.- VICKY. Autor: José Ángel.
- 8.- XABI. Autor: Lucas.
- 9.- ALBERTO. Autor: Alonso.
- 10.- CAROLINA. Autora: Ana.
- 11.- ANA. Autora: Carolina.
- 12.- CARMEN. Autora: Claudia.
- 13.- IRITA. Autora: Carmen.
- 14.- SARA. Autora: Uxía.
- 15.- ALEX. Autora: Sarai.
- 16.- NOELIA. Autora: Vicki.
- 17.- JOSE ANGEL. Autor: Alex.
- 18.- ALONSO. Autor: Manuel Souto.

# CASTRO



Hoxe 30 de Xaneiro fomos 5º e 6º de primaria a Cerámica do Castro a facer figuras. Cando chegamos estábanos a esperar unha señora para explicarnos o que tiñanmos que facer. Por exemplo dixonos as distintas formas de poder facer figuras. Eu senteime con Eva, Iria, Valeria, Helena e Iria. Na nosa mesa came en todos los había: un cutedor, un vaciador, unha culler pra modelar, circulos para facer formas, rodillas e come unhas reglas para axudar a cortar. Eu fixen entre outras cousas que tiña pensadas: unha luna, un cinceiro e unha taza un pouco rara.

## Figuras:



A mi sempre cando fuien paseino moi ben porque é moi divertido.



# E O GANADOR É...

O dia 31 de Outubro celebrouse o Magosto.

Todos levamos castañas para aliar, e xogamos moito.

O xogo consistía en que os nenos de 6º, ousexan, nos, fórmanos como os monitores das estacións.

Había 12 estacións de xogo e en cada unha un ou dous rapaces de 6º.

Os rapaces de 5º eran os xefes de cada equipo e todos os do equipo tiran que ir agarrados a unha corda, e o que tiran que facer era facer todas las prazas ben.

A miñ tocoume a estación 4. Allí, os rapaces tinan que meter 3 castañas no trapezóbalos. Os máis pequenos podían facer unhas poucas de trampas para meter a castaña, pero os maiores non.



O final, ganou o equipo de Sergio Couceiro, que nel tamén la David, que ganara o ano pasado conigo.

De premio déronles uns diplomas.



Despois fumos todos o ximnasio a comer as castañas porque non podiamos comer fora porque estaba a chover.

Paseino moi ben, pero as prazas que fixemos gustaríame máis os de ano pasado.

Por certo, íxestaban moi boas as castañas, e mancheime a costa de negro por culpa de Luis! (Pero o fixo de bromo).



*Paucho*

**S**INTERMON

**OXFAM**



Hoxe é dia 21 de Decembro e os de INTERMON OXFAM (en realidade soamente veu unha moza ao colexiu) (Vinego), nos criamos que a por uns xoguetes que recopilamos os nenos e nenas do colexiu pero a verdade é que veu para que xogaramos a un xogo que inventaran eles e era para que nos deramos conta de algo inxusto que pasaba no mundo logo contouos como era o xogo.



Ela facía preguntas e se contestabas ben logo ela dabade uns uadous e segun as regras que tiña cada equipo collíxolle os uadous a cada equipo.

- 1- Equipo vermello: rouba a todos.
- 2- Equipo laranxa: rouba a amarelo e a azul.
- 3- Equipo azul: rouba a laranxa.
- 4- Equipo amarelo: rouba a azul


Con estas regras era un xogo inxusto e iso era o que nos querían dicir. E é o que querían arranxar e facer un:

**COMERCIO XUSTO.**

# NADAL NO NOSO COLEXIO

O día 22 de Decembro celebremos o nadal no noso colexio. O chegar estábamos todos moi nerviosos e temblorosos, pero logo xa non. Levamos todos maiores cousas ricas. Desde larrons, polvoroces, bombons, surtidos... Era feirentón a alra.

— Empiezaron os nenos de 3 e 4 anos con unha preciosa paixobénia.




— Logo os de 1º con 5 pequenas alras,




— Despois os de 2º rezando unhas Grases e logo formada a oración:


- Por un colexio novo.




— Logo os de 3º que tocaban unha chivaria mentres outro dava un cachaço da canción coa chivella na caixa chivosa.



— Despois os de 4º que fai a alra mais larga e que se fizo mais pesada. Ademais halan a algúns que non se lleva escortaba.



— Os de 5º fixeron unha historia sobre Papai Noel e logo cantaron unha canción en Inglés.



— E por ultima fixeron unha obra de teatro sobre o efecto 2.00 T. Cando valímos para a clase nos puxemos a comer e logo nos fuimos para a casa.

Daniel (6º curso)



"Sada e sus Conxornos,"

30 de Xaneiro día paz:

Hoxe os nenos e nenas do  
colexio celebran este día.

**(1º paso)** pintar nus folios cos  
cores de arco iris un  
objeto. A laranxa de laranxa un  
corazón de Vermello, sodes  
de amarelo flores de lila  
azeuso eclarino e peixes  
de azul por exemplo.

**(2º paso)** Pôñer o arco iris nas  
escadas da entrada, debaixo  
do relaxo.

**(3º paso)** Facer lemas da paz.

**(4º paso)** Botar os lemas  
sobre a paz na caixa  
de abaixo.



**[5º paso]** Elexir un do lema  
da caixa

**[6º paso]** Colgar cada neno da súa  
das lemas.

**[7º paso]** Colgar un folio.

**[8º paso]** Sair o patio.

**[9º paso]** Colocarse polas filas  
facendo un arco iris.

**[10º paso]** Leer os demais lemas.

Este foi o proceso felic dia  
da Paz.

Por certo o lema que foi elegido era:

Da paz é a amizade

Jan a felicidade.

Eva (6º curso)



# FESTIVAL



Hoxe día 16 de Febreiro do 2007 todo - los rapaces e rapazas do colexio Sada e os seus contornos fixemos un pequeno festival. A maior parte do colexio foi disfrazada de peixes digo a maior parte porque nese festival tamén habían especuladores, persoas dese pobo, etc... A obra tratataba de:

\* Primeiro os de 3, 4 e 5 anos e 1º representaban que eran peixes moi pequenos e moi contentos que estaban no seu precioso mar.

\* Despois os de 2º eran tamén peixes pero eran algúns reporteiros que estabanlle a preguntar a outros peixes que pasara e era que só pescaban e pescaban e construían e construían.

\* logo aparecimos nós os de 6º e 5º que nos manifestamos para que nos deixaran en paz.

\* Entón apareceu 3º e 4º eran persoas normais e tamén especuladores, os especuladores estaban coma que cementaban o mar e os demais falaban entre eles.

\* O final os especuladores falaron con nós os peixes e chegamos a un acordo e dímos unha mensaxe: "QUE NUNCA MAIS PESQUEDES PEIXES PEQUENOS NIN RECHEEDES O NOSO MAR!"

Tamén diron uns agasallos para os nenos que acertaron tres activiñanzas foron: Eva, Iria e Carlota.






No festa que fixemos coma todo - los anos o pasamos moi ben, bailamos, escuítamois música e comimos filloas, manteños... O típico nestas datas.

**i FELIZ ENTROIDO  
A TODOS!**

*Ribeira CQ*






Curso 2006-07


1º Curso de Primaria

**A GRANXA DE MARCELLE**

Curso 2006-07

1º Curso de Primaria

**A GRANXA DE MARCELLE**



Os menos de Primeiro de Primaria fomos este curso (2006-07) a Marcelle



**2º curso de educación primaria: “O conto viaxeiro”**

Este conto saíu un día de outono do Colexio e dende aquel día viaxou de casa en casa a través do correo. Cando chegaba a unha casa, líase e continuábase ata que un día de primavera volveu ao colexio. Entre todos fixeron esta historia de...

**“A estrela que non quería vivir no ceo”**

14-11-06.Carlos.

Érase unha vez unha estrela que non quería vivir no ceo porque as demais estrelas eran moi presumidas. Entón como eran tontiñas non querían...

María.

ser as súas amigos,a estrela más pequenina estaba moi triste porque non entendía a súa compaíneira, intentou falar con ela pero...

Adrián.

non lle fixo caso.Á noite seguinte pasou a lúa e falou ca estrela e díolle:

-Estreliña,estreliña ¿Porque non queres vivir no ceo?

Iago.

Porque estou moi triste. A lúa preguntoulle que lle pasaba. A estreliña respondeulle: As demais estrelas non me fan caso.

Bruno.

Pero como as estrelas son moi tontiñas non lle fan caso porque son presumidas e caíalles mal e marchou a outro ceo.

Dana.

Pola mañá a estreliña estaba nun bosque onde coñeceu a : Gabriela a donicela, Andrea a raposa e a Laura o esquío. Laura díolle:¡Este é o bosque de nogueiras!.Andrea continuou:-A lúa tróuxote aquí mentres durmías nela.

Tomás.

Mentres falaban veu un lobo e dixo:-Vou comer a todos, menos á raposa Andrea e á donicela Gabriela, entón apareceu un cabalo salvaxe e o tirou ao río e salváronse a estrela e os demais animais.

Andrea.

Así comezou unha grande amizade, a estrela dende o ceo vixiaba calquera perigo, se vía que o lobo se acercaba avisaba os seus amigos para que se escondesen e polas noites ,ao ser tan leda, por ter esos amigos, brillaba tanto que parecía que era de día.

Carlos.

A estrela viu o lobo que quería comela, quería probar a que sabía. Entón a estrela despistou ao lobo e o lobo chocou contra unha árbore.

28-5-07.Fernando.

O feito de que a estrela brillara tanto creou un grave problema aos demais animais que non sabían cando era de día ou cando era de noite para irse a durmir.

Álvaro.

A estrela deuse conta do problema e tivo unha idea. Chamou a súa amiga a nube Pipa e díolle:-Tapádeme de noite para que meus amigos poidan durmir, pero díolle á nube:-Deixa

un oco para que mire si ven o lobo.

Laura M<sup>a</sup>.

Así, todo ía ben. Pero un día empezou a facer moito vento e a Señora Tormenta...

16-3-07.Aitana

Tanto sopraba que tirou árbores e plantas e arrastrou á nube Pipa moi lonxe. Entón o lobo podía vela e unha noite...

Xurxo.

A estrela quedouse durmida e Gabriela, Andrea e Laura fuxindo do lobo berraban:-¡Estrela axúdanos! E entón a estrela escoitounas e foi a axudalas.

Laura S.

Entón a estrela chamou a súa amiga a tormenta e díxolle:-Tormenta, por favor, tira a arbore para que as miñas amigas poidan fuxir do lobo.A tormenta deulle ó lobo e o lobo co raio que lanzou a tormenta asustouse e nunca mais volveu ó bosque.FIN.

E todos foron felices.

Luísa.


Moitas grazas a todos (pais e nais incluídos) polo voso traballo e a vosa preocupación para que este conto non se perdesse e chegase ata o final. Dicirvos que gustoome moito que a estreliña se decidira a quedar no ceo e ademais cun montón de amigos.

¡Que sería de todos nos sen estrelas no ceo e sen amigos na terra!

Tamén gustoome o do lobo.

¡Que conto sería este sen un lobo malo!


Felices vacacións a todos, un bico moi forte e ¡xa sabedes! ¡Sempre hai que estar atentos !



# VISITA AO MUSEO DO POBO GALEGO




O venres día 1 de Decembro do 2006 os nenos de 3º e de 4º fumos ao Museo do Pobo Galego e vimos 2 tipos de visitas unha ao mar e outro a Terra.

Na sala da terra había arados, carros e tamén un traxe para que o boi non se mollase




Na sala da terra había Outros oficios cas ferramentas: tecelos os canteiros, os carpinteiros, os zoqueiros, os follalaleiros


Otra das salas que vimos e a sala do Mar, ali tiñan tres embarcacións antigas. Nesa mesma sala vimos tamén distintas artes de pesca: mazas, redes, cañas, liñas e anzós.



Artes de pesca



# AS CRISALIDAS




As crisalidas son a etapa intermedia no desenvolvemento de algúns insectos, como as mariposas; as crisalidas son todavía larvas, pero transformáense rápidamente e completamente ata converterse nun adulto.



Temos 3 crisalidas na escolla.  
Son dous 2 cm. Pola parte de diante é cari redonda, e pola parte de detrás é puntiaguda.


É marrón brillante, é lisa parece plástico e ten dous puntos que parecen ollas. A parte puntiaguda está dividida en anelos.



Pasadas dúas semanas saiu da crisálida a primeira bolboreta.

Esta bolboreta parece un triángulo coas ás encollidas.

Ten unhas patinás marróns. O corpo tamen é marrón, contando coas ás, que son catro dúas por enriba que tapan as de abaxio.



A sua cor é marrón clariño.

É moi inquieta e nerviosa, o seu vo é torpe e perado.

As bolboretas se teñen forma triangular e aplastada polo xeral indica que son nocturnas.

# POEMAS



## A primavera

Xa chegou a primavera  
chea de lindas flores



Xa chegou a primavera  
chea de bonitos cores



Por a todos contentar  
nos paxariños e aos nenos



Xa está, aquí  
a ertación máis viva  
que enche todo de ledicia

Maria 4º



## SADA, SADA

Sada, Sada, ¡que parada!  
er como unha fada



Os que vivemos en ti  
somos máis afortunados  
que os que vivens por al

Sada, Sada, ¡que parada!  
aque non nos falta de nada,  
temos praia, temos campo  
E todo o que ti ten



esta cheiro de encanta  
Sada, Sada, ¡que parada!  
Temos boas rapazinas  
e as mellores sardinas.



Krilo 4º




# Juan Pluma

Hai moitos anos, nunhas festas do Carme, festas nas que os mariñeiros da miña vila, Sada, renden honores á súa patroa, ocurreu que un dos barcos pesqueiros que ían participar na procesión marítima foise ó fondo de mar cando estaba cheo de xente e por sorte, aínda preto do peirao coñecido popularmente como martillo.

A desgraza quixo que unha grande parte daquela xente que enchía o barco non soubese nadar.

De entre a multitud de xente que ía seguir a procesión dende o peirao había un rapaz novo, dunha fortaleza física extraordinaria e ademais moi bo nadador.

Sin pensalo nin un segundo, lanzouse de cabeza ó mar dende o peirao. Din os que tal cousa viron que salvou de morrer afogados ó menos vinte persoas entre elas mulleres e nenos. Aquel rapaz novo chamábase Juan Pluma que quedou para sempre na historia de Sada como un home Valente e xeneroso porque arriscou a sua vida para salvar a dos demais.



# CHISTES

- Doutor, non podo vivir, afógome en canto respiro.

- Pois, home, o remedio é ben simple, non respire vostede.

Nun manicomio dille un louco a outro que esta escribindo:

- Para quién é esa carta?

- Para mim mesmo.

- ¡Como que te dis?

ata maná que o saiba, se non a recibirei ou pasado!

Entrá un home nunha tenda e dille ó dependente:

- Vostede me dirá

- Pois, un metro setenta aproximadamente.

A cabo de enganar ó señor da ventaina.

Saquei un billete de ida e volta... e non

penso volver. Um rapaz chega á casa e a súa mai pregunta:

- ¿Que aprendiches hoxe na escola?

- Non moi, teno que volver mañá.

- ¿E aquí onde zacan moas gratis?

- A primeira vez, si.

- ¿E a segunda?

- Non o sei. Ningún volvi.

4º Curso



# RIDDLES, POEMS AND RHYMES

I like bread.



I like jam.



I like chocolate and fish.



I like cake.



I like eggs.



I like ice cream in a dish.



By Carlota

One two,  
Touch your shoe

Three four,  
Run to the door

Five six,  
Pick up sticks

Seven eight,

Open the gate. JAVI




Roses are red  
Violets are blue  
grass is green  
and I love you



By Raquel

My name is Cristian.  
 I'm eleven years old.  
 I live in Sada.  
 My favourite sport is football.  
 My favourite subject is Gym.  
 My favourite TV programme is The Simpsons.



It's a wild animal.  
 It's got a very long neck  
 It lives in grasslands and  
 eat leaves.

What animal is it?

afford A By Alexandra

It's a very big animal

It lives in lakes and rivers

It's grey and it's got a  
 big mouth

What is it?



A hippo

## O TEATRO EN INGLÉS

O 12/3/2007 fomos os de 5º e 6º a un teatro chamado WERE'S THE PARTY. Na obra habian 4 actores, dous actores eran españois e os outros dous eran doutros países.



Dani



Tuesday




Jack



Jake

A obra trataba dun rapaz chamado Dani e ía a Londres xunto ó seu irmán Quico (el xa vivia alí e esperaba o seu irmán Dani). Eles dous eran xemelgos identicos. O seu irmán, Quico, vivia cunha rapaza en Camdem Square (unha rua de Londres)



Seu irmán Quico acababase de converter nun fugitivo da policía por lavarlle o pelo a Victoria Seckham (unha famosa) con un champú de allo (Quico era o seu perruqueiro) e ela era alerxica o champú de allo.

A Dani confundirono co seu irmán indo oara unha festa donde habería moitos famosos. Alí foi onde o arrestaron. Despois dun tempo ,soltaronlo: e como non encontraban as chaves veu Tuesday e pegulle un tiro ás esposas e logo foron todos a festa (party)



Carla (5º curso)






## PEPE ALONSO

Pepe Alonso foi un alumnado que todo o rato por fora, cumprimentaba Sada e Gontón nunha aula das da planas fai 76 anos. Estudava baixa (non sei cal) era ou os 6 anos e estivo o comedos, nada máis que 3 anos. Contounos que unha vez fóra ó eubrasca deiro cun amigo chamado Xoán, e montaron nun bote, logo Pepe quixo empuxá-lo bote e sin querer foi ó mar e estivo todo o día coa ropa molhada.

Visitounos o outro día e contounos parte da súa vida. Galabronrounse cunha cámara (máis ben con déas), díxun que un dia naquela cámara esa o seu nieto. Lóxicamente digo que habrá cambiado moito.

Antes non se podía ir á planta baixa polas escaleiras, tiros que das



Despois como tocou o recreo el, Miguel e máis uns amigos estiveron falando na biblioteca e ensinando-lle o patrón do cole.

Para ter 80 e pico de anos... mordáse e falaba coma un señor de 30.

A ver si ven outra persoa outro ano.


Dolores  
RG



# A VIAXE

O día 27 de abril fomos a unha excursión a ver o castro de Baroña, o dolmen de Aseitor, unha ponte romana e uns petroglifos. Saimos do colexiio ás 8:30. Tínamos que levar a comida e a merenda nos de casa. Eu levei un bocadillo de tortilla de patata e outro de pechuga de pollo.

O primeiro que vimos foi uns petroglifos que había nunha rocha no monte, nelles había uns cervos, un sol... Despois fomos o castro de Baroña. Para chegar a él había que cruzar unha praia pero antes había un fosfo e dous murallas. A praia estaba chea de botellas, plásticos, cristais... A continuación paramos pola entrada e vimos as casas que era case todas redondas ou rectangulares.



Ali estivemos sacando fotos e de máis ata que nos fomos comer. Cando acabamos fixemos unha guerra de pitos 5º contra 6º e gañamos os de 6º ainda que eles digan o contrario. Despois vimos a ponte romana, o dolmen e a lagoa de xurte. Na ponte sacamos fotos e vimos que era moi difícil cruzar. Entra dolmen había dentro un debuxo con espiral que algúen o pintou e poñía: HOLA TONTOS. Ali estivemos un tempo e despois volvimos o colexiño que por certo chegamos ás 19:30.

Jguillermo  
P.V

# BARREIROS

Os días 10 e 11 de Maio é decir o Xoves e o Venerdì os alumnos do colexió Sada e os seus contornos de 6º de primaria forman de excusión de fin de curso a granta de Barreiros en Sarria "Lugo".


Tinamos que estar ás 8:30 h da mañá no colexió para chegar sobre as 11:00h da mañá. Cando chegamos estabamos a esperar un colexió de Ferrol; eran 13 nenas e 3 nenos, eu os nenes dos e das nenas e nenos que recordo de ter mais fruto son: Antía, Carlos, Pablo, Rebeca, Emma, Alba, Naiara, Amanda e Ana.

Na granta había moitos animais entre outros: porcos, coneyos, ovellas, un cabalo, cans, cobaias... Tamién tinan mesas de Pinpon, coma un río pequeno, hortas...



Por exemplo cos porcos ó que si-  
ternos foii dñe de comer, cos coellos  
o mesmo e fogar con eles, ovellas  
á ríapa e lavala laí, cd' cabalo  
mentalo, cos cans zogar e guitarres  
gotros con eles...


Ademais fizemos: pan, unha crema  
para hidratarse, un telar...



Durmimos en habitacions, eu  
durmin con Helene, Iria, Valeria  
e Paula pero ata ás 5:30 ou  
6:00 da mañá polo menos eu non  
durmin, pero pasémo moi pero  
que moi ben, volvería ir.

*Sabela (c)*





# PROGRAMA DE MERENDAS SAUDABLES

No almorzo con cereais, muesli ou iogur; en aperitivos ou tentempés...

É especialmente axeitado para persoas co colesterol alto (aumenta o bo e diminúe o malo) e para persoas que non consumen leite: 100 g. do noso produto no almorzo proporcionan o dobre de Calcio que 100 c.c. de leite.

Non engorda segundo recentes estudos epidemiolóxicos.



O Programa de merendas saudables nace como unha iniciativa dentro da Escola de pais que este curso organizou a Asociación de nais e pais As Mariñas.

A través do programa, as familias e a escola, tratamos de inculcar hábitos de alimentación saudables incentivando o consumo de froitas nas merendas que os alumnos consumen nos recreos.



## INFORMACIÓN NUTRICIONAL (POR 100 GRS.)

Calorías	576,0
Proteínas	Kcal
Hidratos de carbono	19,0 g
Fibra	4,8 g
Contido graxo total	15 g
Ácidos graxos saturados	53,5 g
Ácidos graxos insaturados monoinsaturados	4,2 g
Ácidos graxos insaturados polinsaturados	36,6 g
	10 g
	0 mg



FROITOS SECOS RICOS EN CALCIO


Así as comemos

Na clase

Na biblioteca



No patio




Fermoso envase cheo de sabor!

ABRE FÁCIL!

- Favorece o sistema nervioso.
- Axuda a estudiar.
- Reduce o colesterol.
- Cero en graxas e baixo en proteínas.
- Combate a hipertensión.
- Facilita a digestión.
- Regula o tránsito intestinal.

Estudiante: é o teu!

A culleradías...

...para medrar...



...para saborear...

...para  
verte mellor


Que guapos e guapas...

...para compartir...



...un cofre con  
vitaminas...

...para  
comelas mellor



Cero en colesterol!

ABREFÁCIL!

- Fan diminuir o colesterol malo.
- Gran contenido en calcio.
- Con efecto antioxidante.
- Contén fibra e ademais minerais: calcio, potasio, cobre, cinc...

Forzar ata oir un ¡CRAK!

Que ricos!



Noces, avelás...



...cacahuetes,  
pipas...



...améndoas,  
millo,....

Plataneando...




Fácil de usar...

..de compartir



...e de pouzar.



Doce como o azucré,  
nutre como o pan!

ABREFÁCIL!




TIRAR TIRAR TIRAR ...

- Efecto protector contra o cancro de colon.
- Controla a hipertensión arterial.
- Con potasio que favorece a xeneración do impulso nervoso e a actividade muscular.
- Provoca o aumento de bifidos activos e lactobacilos.

Deseño ergonómico!

PROGRAMA DE MERENDAS SAUDABLES



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria  
Sada e contornos



Escola de nais e pais

Asociación de nais e pais As Mariñas - CEIP Sada e contornos

## ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS AS MARIÑAS

Na asemblea inicial do presente curso, que xa vai finalizando, asemade de manter as actividades complementarias tradicionais da nosa asociación, finámonos como obxectivo dous asuntos:

- Manter a mobilización ata acadar os compromisos inequívocos de novas instalacións.
- Por en marcha e consolidar a Escola de Nais e Pais do noso colexio.

### NOVAS INSTALACIÓNS; AMPLIACIÓN A PARCELA ANEXA:

Despois de múltiples xestións, entrevistas, escritos, etc., o compromiso do concello de Sada de por a disposición da Xunta dunha parcela axeitada para construír un novo colexio, que substituirá as vellas instalacións de "Sada y sus Contornos", non se cumple e pérdese a oportunidade e meso o orzamento previsto de 1,8 millóns de euros.

O día 21 de abril de 2.006, un centenar de nais e pais de alumnos do noso colexio, convocados pola ANPA, concéntranse durante dez minutos diante do colexio, cunha pancarta que dicía: **COLEXIO NOVO, XÁ.** Foi unha xornada histórica para a nosa modesta historia como colectivo de nais e pais e como cidadáns que, seguro, dentro duns anos será lembrado polos nosos fillos e fillas con honra e lexítimo orgullo, xa que, esas nais e pais, xenerosamente, civicamente, fixeron unha defensa inequívoca dos lexítimos dereitos dos nenos e nenas deste colexio e dos que virán no futuro. Porque hai futuro.



Seguiron decenas de reunións cos grupos políticos, con distintas administracións, Consellerías, Concello, Valedor do Pobo, etc; decenas de escritos, centenares de chamadas telefónicas, asembleas, sesións do Consello Escolar do centro, e a plena dedicación de nais e pais da ANPA.

Resumimos: acadamos un consenso histórico entre os diferentes grupos políticos municipais, falando con eles, un a un, ata acadar o compromiso de facer a ampliación do noso colexio na parcela anexa, hoxe afectada, -aínda-, polo plan especial de Portos de Galicia. Tamén acadamos o compromiso da Consellería de Ordenación do Territorio, (de quen depende o organismo Portos de Galicia), e da Consellería de Educación que comprométese a facer a ampliación nesa parcela unha vez que a poñan a súa disposición.

Hoxe, nos instantes en que estamos escribindo estas letras para o Xornal do colexio, **-Letras, letriñas-**, celebráronse xa as eleccións municipais, e están iniciadas as conversas entre os partidos para achegar un novo goberno municipal. A nosa última xestión ten sido que, no paquete de medidas urxentes que poña en marcha o novo goberno municipal, vai estar a posta a disposición da Consellería de Educación desa parcela tras do proceso de cesión ao Concello.

Tamén hoxe, unhas pancartas que fixemos na asociación, lembran as administracións implicadas, aos partidos políticos de Sada e ao conxunto da cidadanía que estamos a espera de que se cumpran, inmediatamente, os compromisos acordados.

Noraboa a todas e a todos os que comprenderon e se implicaron nesta xusta e lexítima reivindicación e aos que participaron xunto a nós na mobilización que aínda non rematou.

### A ESCOLA DE NAIS E PAIS, UNHA REALIDADE, XÁ.

O día 14 de decembro do 2.006, tamén constitúe unha data histórica para a nosa comunidade escolar xa que fomos quen de por en marcha a primeira sesión da nosa ESCOLA DE NAIS E PAIS. Co título de "Estratexias preventivas da obesidade pediátrica", impartido brillantemente pola doutora Rosaura Leis, inauguramos as actividades da Escola. Tivemos a honra de que o

discurso inaugural fora a cargo do director do colexio, Miguel Gayoso, que sempre ten estado aí, axudando e implicándose con este proxecto, así como a xefa de estudos a secretaria do centro e moitos profesores e profesoras do claustro do colexio.

Posteriormente, tivemos outra sesión da ESCOLA, o día 26 de marzo deste ano, impartido pola socióloga Cristina Justo, que co título “Educar para a Igualdade; unha proposta coeducativa”, fixonos reflexionar o respecto e proporcionounos instrumentos sinxelos de inmediata aplicación para a nosa labor educativa cos fillos e fillas.

Finalmente, o día 3 de maio, tivemos unha segunda parte complementaria da primeira sesión, respecto das *Estratexias preventivas da obesidade*, con unha sesión impartida novamente pola doutora Leis, co título: “*Obradoiro de menús saudables infanto-xovenís. Recomendacións para toda a familia*”. Nesta sesión acadamos trucos para que os menús saudables non teñan que ser necesariamente tediosos.

Desta actividade na Escola de Nais e Pais o respecto dos menús saudables e a prevención da obesidade, auténtica epidemia do século XXI, ca colaboración dun pequeno grupo de profesores e do equipo directivo do colexio, púxose en práctica unha semana de merendas saudables, ca incorporación da froita, das froitas, unha práctica real que foi acompañada duns trípticos elaborados por ese equipo de profesores e profesoras que implicáronse a fondo ca actividade. Unha enquisa resumen desta actividade, centrará a efectividade e a visión de tódalas nais e pais con esta iniciativa. Aínda non está rematada a enquisa polo cál non podemos adiantar nada.

En todo caso, seguro que neste xornal, teremos unha información complementaria respecto desta actividade que quixéramos manter o vindeiro Curso.



Soamente nos queda dicir que estas actividades, son síntomas demostrativos da ilusión e da implicación que temos ca escola dos nosos fillos e fillas. Sabemos que estas actividades son innovadoras e que pretenden cohesionar a nosa participación no conxunto da comunidade escolar.

Estamos convencidos de que pronto contaremos cunhas novas instalacións que permitirán atender os novos retos educativos e as novas demandas que se esixen a escola hoxe.

Dicirvos que estamos traballando en tarefas que vamos propor no vindeiro curso, un novo curso no que cumpliremos 80 anos formando nenos e nenas de Sada o cal celebraremos adecuadamente contando ca vosa/nosa implicación e participación xa que dela beneficiaranse especialmente os vosos/nosos fillos.

Boas vacacións para todos; nais, pais, profesores e alumnos. Aproveitémolo tempo cos nosos fillos que están esperando estas vindeiras datas para disfrutar de nós, para disfrutar con nós.

Unha aperta fraternal dos vosos compañeiros e compañeiras da,

XUNTA DIRECTIVA.



# ESCOLA DE NAIS E PAIS



Organiza:



Escola de nais e pais

Asociación de nais e pais As Mariñas - CEIP Sada e contornos

Colaboran:



Concello de Sada  
Concellería de Educación

